



PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN AS PRESTACIÓNS DO SERVIZO DE "LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS", PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, ADXUDICACIÓN POR LOTES. LOTE 2 E LOTE 3.

1. OBXECTO.

O presente contrato comprende todas as operacións e traballos convenientes para conservar en perfecto estado de limpeza e hixene os edificios obxecto do contrato, así como o servizo de conserjería, e todas aquelas relacionadas con a boa marcha dos elementos materiais das dependencias incluídas no presente pliego.

2. PERSOAL.

Todo o persoal que o adxudicatario adscriba á execución do presente contrato, caso de ser empresa, ou ben o propio empresario, caso de traballadores autónomos, non terá vinculación laboral ningunha con este Concello. A relación co Concello de Zas será comprendida no contrato administrativo de servizos.

O persoal asignado ao contrato polo adxudicatario dependerá exclusivamente deste, quen terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto ao mesmo, sendo a administración contratante allea ás referidas relacións laborais.

O contratista procederá inmediatamente, se fose necesario, á substitución do persoal preciso, de forma que a execución do contrato quede sempre garantizada. En todo momento garantirá que o servizo se preste co persoal necesario, con independencia dos dereitos sociais dos traballadores, baixas laborais, sancións disciplinarias ou calquera outra.

O contratista velará polo cumprimento da normativa en vigor en relación coa prevención de riscos laborais e a seguridade e hixene no traballo do persoal que preste os servizos ao amparo do citado contrato. O persoal debe cumprir coa normativa de seguridade e saúde laboral.

En virtude do disposto na LO do Menor, o persoal contratista que teña contacto habitual con menores estará obrigado a presentar unha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais na que se acredite non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

A presentación da dita certificación será obrigatoria para o adxudicatario do lote 2

3. TERCEIRO.



Ademáis das obrigas xenéricas, serán obrigas específicas de cada un dos lotes as seguintes:

LOTE 2: POLIDEPORTIVO DE ZAS.

O adxudicatario debe cumprir coas seguintes prestacións:

Diariamente (de luns a venres) limpeza e fregado de baños e vestiarios, fregado de hall e pasillo e mantemento xeral das instalacións para que poidan ser utilizadas polo publico levando a cabo as tarefas que sexan necesarias para elo.

Unha vez á semana limpeza de po, varrido e fregado de todo o edificio (gradas)

Semanalmente limpeza de pista ou segundo necesidades

V.E= 400

IVE (21%)= 84

TOTAL: 484 EUROS AL MES

Mínimo: 2 horas diarias en horario de tarde.

LOTE 3: CASA CONSISTORIAL (Edificio central, anexos de servicios sociais, oficinas técnicas, centro de información á muller, xulgado de paz e auditorio).

O adxudicatario debe cumprir coas seguintes prestacións:

Diariamente (de luns a venres) limpeza de oficinas xerais, técnicas, de servizos sociais, CIM, e xulgado de paz que consistirá en limpeza de pó e varrido e fregado e baleirado de papeleiras, das oficinas e despachos así como fregar o chan das zoas comúns. Tamén diariamente, limpeza e fregado de baños, así como o mantemento xeral das instalacións para que poidan ser utilizadas, levando a cabo as tarefas que sexan necesarias para elo.

Semanalmente: dúas veces proceder á limpeza do polvo das zonas comúns, alfombras etc, barrido e fregado da zoa de arquivo e limpeza do aseo do mesmo.

Dúas veces ao mes, limpeza de polvo, barrido e fregado do auditorio.

Mensualmente: limpeza de polvo, barrido e fregado do salón de plenos:

Tres veces ao ano: limpeza de xanelas.

V.E= 560



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA 012018

IVE (21%)= 117.60

TOTAL: 677,60 EUROS AL MES

Mínimo: 2-3 horas diarias en horario de tarde cun total de non menos de 14 horas á semana.

CUARTO. PRODUCTOS DE LIMPEZA E MATERIAIS.

Os produtos que sexan necesarios para a execución do contrato, tales como produtos de limpeza, panos, etc. correrán a cargo do adxudicatario.

O Concello proporcionará a máquina precisa para a limpeza das pistas dos polideportivos.

Será por conta do adxudicatario o equipamento do persoal (batas, guantes ou calquera outro)

Zas, 20 de febreiro de 2018.

O alcalde,

Manuel Muiño Espasandín.

O presente prego foi aprobado por decreto 88/2018 de 1 de marzo de 2018.